

EL CAMINO DE LA PALABRA, ENTRE ESCUCHA Y RECHAZO

(Significado y función de las citas de Isaías en la obra lucana)



Así se titula o libro de Antonio Mendiña Santomé, que acaba de publicar A Editorial Verbo Divino. É o froito maduro da súa tese doutoral en teoloxía bíblica defendida en maio de 2014, na Pontificia Universidade Gregoriana de Roma. Confesa con sincera frescura o novo sacerdote e director do Instituto Teolóxico de “S. José” en Vigo, que o estudar o significado e a función das citas de Isaías na obra lucana, ten a súa orixe remota, a finais do século pasado, durante a participación na misa crismal na catedral de Tui. Na liturxia da Palabra desa celebraciónponse en relación o texto profético lido por xesús na escena programática de Nazaret, -é a lectura do Evanxeo-, co seu orixinal de Isaías, que é a primeira lectura. Trátase da única vez no ano litúrxico en que a liturxia da Palabra ofrece conxuntamente ambos os textos.

Ao proclamarse xuntos estes dous textos aparecen manifestas as grandes diferenzas que existen entre o oráculo orixinal de Isaías e a lectura que fai xesús na sinagoga, tal e como nola transmite Lucas. A ollos dun novo seminarista estudante de Biblia, parecía que Lucas manipulara e mutilara o texto profético para adecualo aos seus intereses teolóxicos. Ao buscar outras citas do Antigo Testamento nos evanxeos, a impresión era semellante. Como se pode explicar isto? Verdadeiramente xesús cumpría co profetizado verdadeiramente por Isaías ou simplemente co que Lucas recollía deste profeta? Como explicar estes usos do Antigo Testamento por parte dos autores do Novo Testamento?

A través do libro *El camino de la Palabra, entre escuchas y rechazos*, Antonio Mendiña buscou non só dar respostas a quen, como el, tivesen semellantes interrogantes aos habidos na súa etapa de novo seminarista, senón tamén procurando facer unha humilde achega -na súa opinión- ao ámbito do diálogo intertextual bíblico.

O libro pode adquirirse nas principais librarías da Diocese ou a través da páxina web do editorial Verbo Divino <http://www.verbodivino.es>

ALGÚNS DATOS BIOGRÁFICOS:

D. Antonio Mendiña Santomé (Aldán, 1976). Tras terminar os seus estudos de teoloxía no Seminario de Vigo e ser ordenado sacerdote (2001), obtivo a licenciatura en Teoloxía Bíblica pola Universidade Pontificia Gregoriana de Roma (2004). Tras uns anos combinando a docencia e a vida parroquial, retomou os seus estudos en Roma onde se doctorou en Teoloxía Bíblica na Pontificia Universidade Gregoriana no ano 2014. Na actualidade, ademais de desenvolver o seu ministerio pastoral en tres parroquias da diocese de Tui-Vigo (Petelos, Pereiras e Cans), é director do Instituto Teolóxico San José de Vigo, onde imparte actualmente diferentes materias bíblicas e teolóxicas: Introducción á Sagrada Escritura, Hebreo e Grego Bíblicos, Sinópticos, Sapienciales e Patrología. Tamén é director delegado do Instituto Superior de Ciencias Religiosas San Dámaso (sección a distancia). Colabora dentro do ámbito diocesano na formación tanto de laicos como de sacerdotes e impartiu varios cursos e charlas de formación bíblica en parroquias e colexios. -Este texto foi traducido-